

SECUNDARIA IES Lucus Augusti

Historias curtas na honra do escritor de Xinzo



O instituto Lucus Augusti conmemorou o Día das Letras co concurso de microrrelatos Carlos Casares, dirixido a alumnos de Bacharelato e Eso



RUPO A A viaxe

Que paisaxe máis fermosa! Nun intere, todo escurida-
de. Parecía que nos engullira una especie de monstro, pero aquilo

era inverosímil. Volvíñ á realida-
de. Aquela escuridade inmensa e
fria invadiurme. Era interminable,
infinita. Non se via nada.

De súpeto, divisei ao lonxe una pe-
queña luz vacilante. Era o final!

1º Premio:
Marcos González Padín (1º ESO C)

Amor

Para el, perdeuno todo. Pero a ver-
dade é que xamais perdeu nada.
Ela nunca foi súa.

Sabela Toirán Toirán
(1º ESO C)

Vida tristeira

—Damo!
—Cando remate o lance!
Isto é todo o que eu soporto todos os días. A miña mafilia esistiu hai moito; uns son curvados, outros planos. Cada vez que nos

van fabricando, máis modernos e complexos imos andando. A nosa vida é tan melancólica que a xente nos compra con cartos. E non te creas que son tan malos. Iso si, se deixarnos de traballar, non se molestan en nos curar. Eles lévanos a matar; mercan outra, e xa está. Eu son una pobre televisión que

vai deixar de traballar, para que co meu sufrimento rematen xa.

Nuria Devesa Núñez
(1º ESO D)

A árbore que quería chegar ás estrelas

A árbore quería chegar ás estrelas, pero catro meigas trataron de impedirillo. A primeira meiga traía dinosauros, pero a árbore pegara as súas raíces á terra con Loctite, polo que foron imposibles de arrincar. A segunda meiga traía un sol abrasador, pero a árbore tiña un conxelador que converteu o sol nun diminuto meteoro que se perdeu no infinito espazo. A terceira meiga traía océanos, mares e ríos, pero a árbore fixera un curso de natación, así que non afogou. E a cuarta meiga conseguiu que a árbore non chegase ás estrelas, porque con ela acabase este microrrelato, e a árbore non tiña temedio para os finais.

Laura Fernández Pardo
(3º ESO A)

Ela

Ela prefire una tarde de música, desa que lle fai sentir libre, acompañada dunha boa taza de café cunhas larpeiradas. Dedica tempo para ela soa, sen desperdicio, pasando o tempo en cousas que só ela entende. Ela, que contaxia alegría con ese sorriso de orella a orella, mostrando empatía en todo o que ocorre. Encántalle deixarse a goxa desafinando cancións... Si, é especial, pero tamén única.

Teresa López Fernández
(3º ESO B)

GRUPO B

O pobo durmido

Ao noso pobo quixérolleuitar a súa alma, a súa lingua, que outrora foran empregada por nobres poetas e mesmo porreis estranxeiros. Mais só conseguiron que se agochase nos corazóns da xente humilde que a soubo mariñar por séculos. Pero espertaremos e enternderemos que a nosa fala vale máis que todos os canóns que poídan empregar contra nós.

1º Premio:
Pablo López Muñoz
(1º BAC E)

Son a morte

Son efémera é á vez eterna. Podo aparecer da forma más doce e rápida posible. Tamén podo tornar nun furacán, arrasar con todo ao meu paso, provocando un inmenso sufrimento, moi lentamente. Non entendo de razas, idades, sexos, categorías sociais e cores. Preséntome cando e onde quero, vou ser invitación e todos me temen. Son efémera e á vez eterna; son a morte.

Silvia Rouco Rodríguez
(4º ESO C)

Lúa vermella

O mar tinguido de vermello é o reflexo da eclipse lunar cando o sol acarriña a Selene. Tan inmensa que se-mella caer do ceo ao mar e que poída che-

gar a desbordar beiras, vilas mariñeiras e estradas secundarias sen iluminación artificial. Esta noite tampouco fai falta farol ningún para ver a lúa ruborizada e o mar tinguido de sangue. Pintar de verde de mar para clamar a esperanza para todos os que desexan vivir en paz.

Simona Ilban (1º BAC F)

O muro

Pedro buscaba una vida mellor, pero os días estaban contados. Cruzar a fronteira xa non era sinxelo, en un mes una gran barreira separaría a súa terra da liberdade. Comunicouse co más exitoso coíote e deulle os cartos que tiña aforrados desde había doce anos...

En canto tivo o diñeiro, o coíote sacou un revólver da americana e disparou a sangue frío no sen de Pedro.

Santiago Real Besteiro
(1º BAC F)

A imposible fuga

Perdo os pés, as pernas, os xeonlllos, as cadeiras, o tronco... instálome detrás dos ollos e salto cara adiante. Vou nunha nube, envólvenme una brisa que me arroupa. Lógro. A viaxe é perfecta, só que é forzado o regreso. O partazo del e os saloucos asfixiados dela no baño desméntenlo...

Paola Rodríguez Méndez
(1º BAC F)



USCULTÁRONO por última vez, colo- caron o seu diminuto corpo debaixo da lente do microscopio, en- rugaron o cello, anotaron os más leves movementos, percibiron a recuperación total da antiga mos- ca perigosa e deixárono sair, transformada a conciencia nun per capita calquera.

Carlos Casares
'Cambio en tres'

Autor do debuxo:
Diego Piñeiro Jiménez
(2º ESO C)

